



CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (ATOCHA)

C/ Baltasar Pardal Vidal, 1
15300 - BETANZOS (A CORUÑA)

Tel. 981 770452

direccion@atochabetanzos.com

cpr.carmen.betanzos@edu.xunta.es

Publicadas as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso escolar, cómpre adaptar os criterios de promoción e titulación.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

De maneira excepcional para este curso 2019-2020, os criterios de promoción flexibilízanse, e non terán en conta as limitacións que afecten ao número de áreas pendentas. A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A repetición de curso será moi excepcional.

A programación do curso 2020-2021 adaptarase ás circunstancias, coas medidas necesarias de atención á diversidade, individuais e grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas dos alumnos e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles que a situación deste curso lles dificulta ou impide adquirir.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

De maneira excepcional para este curso 2019-2020, os criterios de promoción en todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria flexibilízanse, e non terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentas.

Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso e a repetición considerárase unha medida de carácter excepcional, que será adoptada polo equipo docente, en función da evolución académica estudante durante o período anterior á suspensión da actividade lectiva presencial.

Tanto na avaliación ordinaria en xuño, como na extraordinaria en setembro, é posible a adopción da decisión de promoción, tendo en consideración o que resulte máis conveniente para o alumno/a, en relación ao mellor aproveitamento do curso ao que se incorpora.

O alumnado que promocioe sen ter superadas todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, e seguirán os programas de reforzo que estableza cada equipo docente.

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Flexibilízanse os criterios para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria. Para obter a titulación non se terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes, senón a adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NO BACHARELATO

De maneira excepcional para este curso 2019-2020, os criterios de promoción de primeiro a segundo de Bacharelato flexibilízanse, e non terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso e a repetición considerárase unha medida de carácter excepcional, que será adoptada polo equipo docente, en función da evolución académica estudante durante o período anterior á suspensión da actividade lectiva presencial.

Polo tanto, poderase promocionar con máis de dúas materias pendentes sempre e cando a xunta de avaliación así o acorde, considerando que a evolución do alumno ou alumna foi positiva, demostrando unha madurez persoal e académica que o capacitan para alcanzar os obxectivos e as competencias clave e no segundo curso e que ten posibilidades de aproveitamento.

Tanto na avaliación ordinaria en xuño, como na extraordinaria en setembro, é posible a adopción da decisión de promoción, tendo en consideración o que resulte máis conveniente para o alumno/a, en relación ao mellor aproveitamento do curso ao que se incorpora.

O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, e seguirán os programas de reforzo que estableza cada equipo docente, tendo que superar as avaliacións correspondentes.

CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BACHARELATO

Para obter o título de Bacharelato será necesaria, con carácter xeral, a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

De maneira excepcional, a xuízo do equipo docente, o alumno ou alumna poderá titular sen ter en consideración as limitacións que afecten ao número de materias non superadas. Neste caso, a decisión de titulación estará baseada:

- En que o alumno ou alumna teña adquirido suficientemente os obxectivos xerais da etapa que lle permitan continuar o seu itinerario académico.
- Na evolución académica do alumno ou alumna durante o primeiro e segundo trimestre, así como ao longo de toda a etapa.
- A madureza en relación ao logro dos obxectivos e a adquisicións das competencias clave da etapa, que lle permitan ao estudante continuar os seus estudos..

A decisión colexiada de titulación poderá adoptarse tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.